



**Concello de Cangas**

## **BASES DE PARTICIPACIÓN DE COMERCIANTES LOCAIS NO MERCADO EXTRAORDINARIO “MERCADO CAMPESIÑO-MARIÑEIRO” NO CONTEXTO DO EVENTO “CANGAS 1617: DEFENSA DA VILA”**

### **1. Obxecto das bases: descrición do evento, lugar, e datas de celebración.**

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento para a participación de comerciantes locais no “Mercado campesiño-mariñeiro de Cangas-1617” no contexto do evento “Defensa da Vila 2017” sendo este mercado o principal eixo dinamizador dos actos organizados na conmemoración do 400 aniversario do asalto por parte dos piratas turco-berberiscos á vila de Cangas.

A empresa EVENTOS ESPARTACO ([www.eventosespartaco.es](http://www.eventosespartaco.es)) e o CONCELLO DE CANGAS asumen a celebración deste mercado temático mediante un convenio de colaboración asinado por ambas parte en novembro de 2017.

Na cláusula PRIMEIRA dese convenio, descríbese o evento neste termos:

*Denominación: “Mercado campesiño-mariñeiro de Cangas-1617”*

*Datas do evento: 8 – 9 - 10 de decembro de 2017*

*Lugar: Avenida Montero Ríos e Rúa Eduardo Vicenti – Praza da Constitución – Alameda Vella (Xardíns de Félix Soage) – Avda 25 de xullo. De ser preciso máis espazo público para o mercado, será o Concello quen determine os espazos para a súa ampliación.*

*Descrición: Mercado temático ambientado na vida e costumes da vila de Cangas no ano 1617, en consecuencia, mercado de temática campesiña e vinculada co traballo no mar, involucrando postos con actividades de artesanía, alimentación, oficios tradicionais, e actividades de dinamización entorno ó propio mercado.*

Na cláusula CUARTA dese convenio establécese:

*Dentro do espazo de celebración do evento definido na cláusula primeira, o Concello resérvase o dereito a autorizar a instalación de un máximo de 15 postos para comerciantes do termo municipal de Cangas, nos termos e conforme ás bases que o propio Concello determine.*

*En todo caso, o número total de postos que o Concello autorice non poderá supoñer máis do 25% do total de postos no mercado. No caso de non ser ocupados entrarán a formar parte do cupo total de postos.*



## Concello de Cangas

### 2. Requisitos dos participantes.

O obxecto das presentes bases é a regulación do procedemento para a adxudicación por parte do Concello de Cangas dun máximo de 15 postos para a participación dos comerciantes locais neste mercado, participación que será gratuíta, por estar exentos da taxa solicitada pola empresa organizadora do evento. No caso de non ser ocupados por comerciantes locais, os espazos entrarán a formar parte do cupo total de postos que a empresa dispón.

Os postos para comerciantes locais que o Concello reserva está dirixido á aquelas persoas físicas ou xurídicas con domicilio fiscal/social da actividade no Concello de Cangas. O carácter de comerciante local xustificarse mediante a “Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas con indicación do epígrafe fiscal (IAE)” documento a entregar para xestionar a solicitude (segundo o establecido no punto 3 destas bases).

A participación no “Mercado campesiño-mariñeiro de Cangas-1617”, conleva a aceptación das presentes bases de participación, sobre todo no relativo á cláusula 6 sobre as *Obrigas dos expositores*.

Os horarios concretos de apertura e peche, así como temporización e requisitos de montaxe e desmontaxe serán os establecidos segundo o propio programa do evento, sen poder superar a medianoite (12 da noite) para o peche dos postos.

### 3. Solicitude de Participación.

As persoas físicas ou xurídicas interesadas en participar no Mercado dentro do cupo de comerciantes locais, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Cangas, en horario de 9:30 a 14 horas, de luns a venres , en sobre pechado a seguinte documentación:

- ANEXO I : Solicitude de participación.
- Fotocopia do DNI / NIF da persoa responsable que vai a exercer a actividade.
- Póliza e recibo do Seguro de responsabilidade civil que cubra o posto en vigor.
- Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas con indicación do epígrafe fiscal (IAE)



## Concello de Cangas

- Certificación que acredite estar ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- Fotocopia do carné de manipulador de alimentos de ser obrigatorio pola actividade.
- Fotografías do posto e do produto (se é posible)
- Calquera outra documentación que considere precisa para avaliar a súa solicitude.

No anverso do sobre figurará a mención:

SOBRE "Documentación Bases Mercado Defensa da Vila"

PRESENTADA POR: (Indicar nome ou denominación social, domicilio e teléfono)

**O prazo para a presentación de solicitudes será ata o 20 de novembro de 2017.**

#### **4. Comisión de valoración das solicitudes:**

A comisión de valoración estará composta pola Concelleira de Medioambiente e Turismo, a Concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, a Axente de Desenvolvemento Local e a Técnico de Turismo, e poderá contar coa participación de persoal funcionario do Concello de Cangas como asesores.

A valoración das solicitudes efectuarase tendo en conta o número de localizacións dispoñibles, diversificación dos produtos expostos, e maior adecuación ás características do evento. Terase en conta na valoración das solicitudes a oferta de realización dalgún tipo de actividade ou obradoiro.

En función das solicitudes a comisión de valoración, seleccionará aquelas propostas e actividades que sexan consideradas máis acordes coas propias características do evento, podendo ser estas actividades relacionadas coa Alimentación e Restauración, Artesanías, Oficios, Têxtils e Calzado, Produtos ecolóxicos, etc.

A anterior relación ten carácter enunciativo e non limitativo. No caso de que se pretenda a venda dalgún produto non numerado, deberá presentar os motivos polos cales considera que os seus produtos ou servizos son aptos para a súa exposición no Mercado e a comisión de valoración do Concello resolverá a súa solicitude.



## **Concello de Cangas**

A valoración das solicitudes é competencia exclusiva da organización, e efectuarase conforme aos requisitos que se establecen nestas bases, e tendo en conta:

a) Nos postos de alimentación e restauración, tecidos e calzado, e produtos ecolóxicos:

- Territorialidade da explotación e da produción.
- Calidade dos produtos
- Tipicidade e tradición.
- Seguridade e hixiene dos produtos.
- Variedade da oferta e diversificación do produto.

Non se permitirá a comercialización de produtos alimentarios e restauración de calquera orixe dos que non se acredite a súa procedencia de establecemento autorizado. O Concello de Cangas non asume ningunha responsabilidade no relativo ó cumprimento de todas as obrigas derivadas da actividade propia de cada participante.

b) Nos postos de Artesáns, Oficios e Outros:

- Calidade, creatividade e habilidade manual da arte.
- Técnicas ou procesos de produción.
- Materias primas empregadas na súa elaboración.
- Lugar de procedencia
- Difusión da identidade cultural.
- Singularidade, labor artística e cultural representada nos seus produtos.
- Nivel de preservación das nosas tradicións.

Quedan excluídas do mercado, todas aquelas propostas e actividades que prexudiquen o medio ambiente ou o entorno local.



## **Concello de Cangas**

No caso de que a solicitude careza da información esixida, requirirase á persoa interesada para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, segun se recolle na Lei de procedemento administrativo.

Unha vez valoradas as solicitudes, notificarase ás persoas seleccionadas, e publicarase no taboleiro de anuncios a relación de persoas admitidas e excluídas.

### **5. Dereitos dos expositores**

- A exposición e venda dos seus produtos.
- Participar en cantas actividades se organicen no Mercado.

### **6. Obrigas dos expositores**

- A venda e/ou exposición de produtos elaborados que fosen relacionados de xeito indicativo na solicitude de participación presentada, non admitíndose baixo ningún concepto a revenda de produtos non propios.
- A decoración do posto é de exclusiva responsabilidade do expositor e sempre deberá manter unha estética acorde coa filosofía do mercado.
- O vestiario e calzado de tódolos participantes deberá ser acorde coa temática do mercado. Non está permitida a presenza de persoas no interior dos postos que non estean ataviadas co vestiario de época ou ambiente recreados.
- Non está permitido o uso dentro do posto de complementos inadecuados como reloxo, auriculares ou teléfono móbil.
- Nos postos non está permitido o uso de equipos de son.
- Que o seu posto permaneza aberto e debidamente atendido durante o horario establecido. Respetaranse os horarios de apertura e peche do mercado, segundo o que estableza o programa.
- Responsabilizarse dos produtos expostos no posto durante a celebración do mercado.



## **Concello de Cangas**

- Non realizar accións que alteren ou impidan o desenvolvemento ordinario do mercado.
- Queda expresamente prohibida a instalación, tanto dentro coma fóra dos postos, de carteis e pancartas que se refiran a temas distintos á publicidade ou explicación dos produtos ofertados.
- Non se poderán pechar postos adxudicados, nin ceder a terceiras partes.
- Garantir a ocupación permanente do posto cunha oferta variada e un número suficiente de produtos, representativos e acreditados na instancia de solicitude.
- Non realizar promocións comerciais tales como ofertas, liquidacións, rebaixas e similares.
- Atender os requirimentos que, en cumprimento destas bases, lle fagan chegar os organizadores.
- Coidar e colaborar no mantemento e boa conservación do ámbito onde se celebra o mercado. Os participantes deberán retirar o seu lixo e levalo ós contedores correspondentes. Non está permitido acumular lixo no posto ou no seu entorno. Cando finalice o mercado todo ten que quedar limpo de caixas, plásticos...
- A participación no mercado implica a aceptación destas normas xerais. O incumprimento das mesmas suporá a adopción das medidas que se consideren oportunas, incluso a expulsión do mercado.

### **7. Competencias**

No uso das súas competencias, a empresa organizadora e o Concello de Cangas poderán adoptar as medidas que consideren oportunas para o correcto desenvolvemento do mercado, entre elas, a retirada de produtos non autorizados nin relacionados na solicitude de participación polo interesado, o peche do posto e a expulsión do Mercado.

A organización non se responsabiliza das modificacións que poidan producirse por causas alleas ou de forza maior. O Concello de Cangas comprométese a organizar actividades e facer publicidade do evento.



**Concello de Cangas**

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DE COMERCIANTES LOCAIS NO  
MERCADO EXTRAORDINARIO “MERCADO CAMPESIÑO-MARIÑEIRO”  
“CANGAS 1617: DEFENSA DA VILA”  
8, 9, 10 de decembro de 2017**

**DATOS DO SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS: \_\_\_\_\_

NOME DA EMPRESA: \_\_\_\_\_ DNI/CIF/NIE: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_ POBOACIÓN: \_\_\_\_\_

CP: \_\_\_\_\_ PROVINCIA: \_\_\_\_\_

TELÉFONO FIXO: \_\_\_\_\_ TELÉFONO MÓVIL: \_\_\_\_\_

E- MAIL: \_\_\_\_\_

**DATOS DO POSTO, DO PRODUTO E DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE:**

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

M<sup>2</sup> SOLICITADOS:

---

---

7

**Concello de Cangas**



## Concello de Cangas

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE:

- ANEXO Solicitud de participación.
- Fotocopia do DNI / NIF da persoa responsable que vai a exercer a actividade.
- Póliza e recibo do Seguro de responsabilidade civil que cubra o posto en vigor.
- Certificación de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas con indicación do epígrafe fiscal (IAE)
- Certificación que acredite estar ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
- Fotocopia do carné de manipulador de alimentos de ser obrigatorio pola actividade.
- Fotografías do posto e do produto (se é posible)
- Calquera outra documentación que considere precisa para avaliar a súa solicitude.

MANIFESTA o seu interese en participar no “Mercado campesiño-mariñeiro de Cangas-1617” no contexto do evento “Defensa da Vila 2017” que se desenvolverá o 8, 9 e 10 de decembro de 2017 no marco das bases de participación de comerciantes locais publicadas polo Concello de Cangas, cun posto para a promoción e venda dos produtos e/ou servizos ofertados aos que fai referencia na presente solicitude.

Á súa vez, comprométese ao cumprimento das normas que existen para o evento, acatando as decisións que a Organización poida adoptar no curso da mesma, que se reserva a expresa competencia ao respecto.

DECLARA baixo a súa responsabilidade que:

- Todos os datos achegados son correctos
- Os produtos que se exporán e/ou venderán corresponderase co explicitado nesta solicitude.
- Lin e acepto as BASES REGULADORAS DE PARTICIPACIÓN DE COMERCIANTES LOCAIS NO MERCADO EXTRAORDINARIO “MERCADO CAMPESIÑO-MARIÑEIRO” NO CONTEXTO DO EVENTO “CANGAS 1617: DEFENSA DA VILA” .

Cangas, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

Asdo: